

INFORMACIÓN:

Dende o pasado xoves 12 viñéronse adoptando, por parte das institucións, unha serie de medidas en relación coa pandemia COVID-19, entre as que se atopa, como ven sabedes, a suspensión de todo tipo de actividade lectiva regulada en todos os centros de ensino non universitario para os vindeiros 14 días naturais contados dende o día 16 de marzo de 2020. Polo tanto, e no caso de que non se tomen outras medidas, en principio as clases retomaranse o vindeiro luns, 30 de marzo.

Así mesmo, outra das medidas propostas pola Consellería, é que o profesorado programará nas páxinas webs dos centros ou por outros medios telemáticos, accesibles ao seu alumnado, actividades xenéricas relacionadas cos contidos curriculares para que o alumnado as poda realizar no seu domicilio.

Atendendo o carácter xenérico das actividades, nesta web aparecerán, no caso do alumnado de **infantil** unhas recomendacións. En **primaria**, ademais das tarefas que se entregaron en formato papel, tamén se irán colgando algúns enlaces de interese.

Esperemos que esta crise sanitaria e o estado de alarma remate o antes posible, para que así, tanto nenos e nenas como os mestres e mestras poidamos regresar as aulas. Solo me queda agradecer ás familias, a vosa labor nestes difíciles momentos e informar que estarei ao voso servizo no que podades precisar a través do correo electrónico do centro (ceip.virxedabarca@edu.xunta.gal) ou ben mediante o teléfono 881880794.

Grazas a todos e todas!

Atentamente

A directora

Estefanía Trillo Carballo